



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 658 Semana do 28 de decembro de 2015 ao 3 de xaneiro de 2016

## UGT REXEITA A DECISIÓN UNILATERAL DO GOBERNO EN FUNCIÓNS SOBRE O SMI

**Redacción.-** UGT manifesta o seu máis absoluto rexeitamento á decisión de carácter unilateral que o Goberno en funcións tomou sobre o incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para 2016. Esta oposición baséase tanto na forma como no fondo, xa que en ambos casos vulnera o establecido na normativa legal para a fixación do SMI e porque supón unha nova agresión ás persoas asalariadas con menores ingresos.

O Goberno búrlase “un ano máis, e xa van cinco, con este das súas obrigacións legais, pois substitúe un proceso de consulta previa coas organizacións sindicais máis representativas (artigo 27.1 do Estatuto dos Traballadores) por unha carta na que anuncia unha decisión que xa ten tomada, sabendo, ademais, que os sindicatos estamos en contra da mesma. O pasado 2 de novembro CCOO e UGT remitímoslle un escrito á ministra de Emprego e Seguridade Social no que realizamos unha proposta detallada e argumentada de incremento do SMI para 2016 e demandabamos o inicio do período de consultas establecido pola Lei, insistindo nesta demanda o 11 de decembro cunha nova comunicación”.

Por iso, denunciaremos agora que a resposta do Ministerio é unha burla inaceptable: reduce a obrigada consulta legal a un mero trámite de resposta por carta antes do 28 de decembro a unha decisión que todos sabemos que xa está tomada. Non hai ningún período de consulta, non hai ningunha reunión entre as partes, non hai ningunha resposta á nosa proposta do 2 de novembro e, por tanto, o Goberno sáltase o espírito e a letra do establecido pola Lei 8/1980. É unha actitude inaceptable nunha sociedade democrática; os sindicatos negámonos a participar nese xogo e actuaremos en consecuencia.

UGT rexeita a forma e aínda máis o fondo da decisión unilateral do Goberno en funcións porque o incremento do 1% na contía do SMI é absolutamente inaceptable. Nos anos da crise a desigualdade e a pobreza laboral disparáronse no noso país, tal



e como reflicte a OCDE ao situar a España á cabeza dos países nos que máis creceu a desigualdade.

A desvalorización do factor traballo -e do salario en particular- é unha das razóns fundamentais desta grave deterioración social e ten na evolución do SMI unha das súas causas. A súa práctica conxelación en termos nominais desde que o PP chegou ao goberno provocou unha perda do seu poder adquisitivo, empobrecendo á parte máis débil das persoas asalariadas.

O SMI converteuse nun dos instrumentos principais para combater a pobreza laboral e a desigualdade en moitos países do mundo -Alemaña e EEUU, por exemplo- porque a súa función é a de protexer ás persoas asalariadas con empregos máis precarios e, por tanto, con maiores dificultades para negociar as súas condicións de traballo. Por iso, resulta inaceptable que no cambio do ciclo económico, coa saída da recesión, o Goberno en funcións do PP volva agredir aos máis débeiles, no que é unha contradición absoluta co seu discurso de saída da crise.

Un incremento do 1% do SMI supón unha nova perda de poder adquisitivo porque se prevé que en 2016 a inflación vai estar por encima desa cifra e, como conse-

cuencia, seguirase reducindo o SMI en termos reais. É unha imposición que demostra o carácter antisocial do PP, dado que para 2016 os sindicatos e os empresarios acordamos un incremento dos salarios do 1,5% e o lóxico é que o aumento sexa maior precisamente para os que menos cobran, como fórmula para combater a pobreza laboral e a desigualdade.

Decisións como esta -e procedementos que desprezan o diálogo e o acordo substituíndoo por decisións inxustas e unilaterais- son as que explican o enorme castigo electoral que sufriu o partido no Goberno, que parece que segue sen decatarse do que a sociedade española esta demandando.

UGT rexeita radicalmente o anuncio do Goberno en funcións sobre o SMI, esixe a apertura inmediata dun período de consultas, tal e como establece a Lei, e propoñemos que nese período acórdese que o SMI suba a 720 euros en xaneiro de 2016 e a 800 euros en xaneiro de 2017.

Por ultimo, queremos manifestar que se o Goberno segue adiante coa súa decisión denunciáremolo ante a Organización Internacional do Traballo (OIT) por vulneración dos dereitos laborais.

## OS PENSIONISTAS PERDERÁN PODER ADQUISITIVO

**Redacción.-** A subida do 0,25% das pensións para 2016 aprobada polo Consello de Ministros é claramente insuficiente (supón tan só uns 2,5 euros ao mes para unha pensión media de xubilación e mesmo menos para unha pensión mínima, uns 2 euros).

Produciríase así unha perda do poder adquisitivo dos pensionistas, posto que o propio Goberno ten previsto que os prezos suban en torno ao 1%.

O Sindicato, que remitiu en outubro as súas observacións ao Proxecto de Real Decreto sobre Revaloración das Pensións do Sistema da Seguridade Social e doutras prestacións públicas para o exercicio 2016, rexeita a aplicación do Índice de Revalorización das Pensións que establece a lei 23/2013 e esixe a recuperación do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) como a referencia para a revalorización das pensións- tal e como establecía o artigo 48 da Lei de Seguridade Social-, porque é garantía do mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas.

A revalorización das pensións realízase, ademais, de forma opaca e afastada do principio de seguridade xurídica,



isto é, sen dar a coñecer cales foron as variables e parámetros que a determinaron.

A porcentaxe do 0,25% é claramente insuficiente e contrario á Constitución Española. E supón un ataque á suficiencia económica dos pensionistas e das familias que sustentan, especialmente daqueles pensionistas máis desprotexidos

e con maiores necesidades sociais.

Desde que o Goberno modificara, de forma unilateral, a Lei de Seguridade Social, desvinculando a evolución das pensións dos prezos, UGT vén reclamando a derogación do factor de revalorización das pensións, pois supón perdas de poder adquisitivo dos pensionistas, tanto no curto, como no longo prazo.

## BOS RESULTADOS ELECTORAIS PARA UGT EN GAMESA-AS SOMOZAS, LIMPIEZAS FARO-CORUÑA E NO HOSPITAL MODELO-BELÉN

**Redacción.-** UGT ven de gañar as eleccións sindicais na empresa Gamesa Eólica, emprazada no polígono industrial de As Somozas, e que conta con 183 traballadores.

Neste proceso elixíronse nove representantes, repartidos en dous colexios electorais, correspondendo sete ao de operarios e dous ao de técnicos.

Así, UGT obtivo seis dos nove representantes e, con este resultado, UGT renove por quinta vez a súa maioría absoluta.

En Limpiezas Faro-A Coruña, UGT obtivo seis delegados e os outros tres foron para a CIG.

No hospital Modelo-Belén, en A Coruña, UGT mantén por cuarta vez con-

secutiva os 13 delegados no comité de empresa.

Dende as federacións de FITAG, FES e FSP saúdan os bos resultados e agradecen a confianza depositada polos traballadores no Sindicato, tanto na xestión realizada nestes últimos catro anos, como no proxecto de futuro que se presenta para o período que se aveciña.

Programa  
de garantía  
xuvenil

Programa  
extraordinario  
de activación  
para o emprego

INFÓRMATE!



Dirixete ás sedes de UGT  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>